

Ferreira de Pallares

41

SUPLEMENTO
DOMINICAL

27 DE SEPTIEMBRE DE 2026

Literatura

XULIO VALCÁRCEL
xulioval@gmail.com



O mosteiro sitúase nunha zona de gran beleza natural

A fundación do mosteiro de Ferreira de Pallares remóntase ao século IX, coa igrexa como elemento referencial, e, na súa contorna, os espazos nos que se desenvolvían os labores diarios. De cenobio familiar pasou a orde beneditina na segunda metade do século XI. Con diferentes altos e baixos, mantivo unha certa actividade até os anos sesenta do século pasado. Na actualidade, un cualificado grupo de persoas esforzase en conservar o legado, convocando un premio de investigación, dando a coñecer e poñendo en valor un patrimonio que cómpre preservar.

Carlos Vázquez García, coa colaboración de José González Vázquez, publicou hai uns anos "O Mosteiro de Ferreira de Pallares" (Xunta de Galicia, 130 páx.) no que traza a peripecia histórica do enclave: doazóns, testamentos, permutas, conflitos e concordias, o proceso de desamortización e demais avatares inherentes, como di María Carmen Pallares no limiar, "á sociedade da que forma parte".

Especial relevancia tivo a Confraría da Nosa Señora do Rosario como elemento dinamizador de peregrinos, coa lóxica repercusión económica, e coas propias achegas dos confrades. Era costume, di Carlos Vázquez, que o domingo seguinte ao 15 de agosto, se celebrase un banquete de irmandade de confrades e sacerdotes. Precisamente, o celo na custodia das ofrendas en

forma de froitos e cartos, negándose a entregarllas ás tropas francesas que tomaran Lugo o 9 de xaneiro do 1809 e estableceran un campamento no Picato, a uns quilómetros de Ferreira, provocou a morte, por seis balazos de fusil, do veciño de Meixaboi Juan Penelas, enterrado ao pé da pia bautismal da basílica.

A intervención da Virxe a prol dos romeiros que acudían en busca de axuda, conta cunha extenso inventario de milagres e feitos prodixiosos: "Concedeulles Deus, por medio de súa nai, completa saúde e curación de diferentes males e enfermidades", relata Frei Christobal de Arttemán. A confraría tivo momentos de auténtico esplendor. Resulta ben elocuente que en 1764 fose necesario un copón, cunha capacidade de preto de mil obleas, para atender as comunións dos fieis, que acudían por milleiros. Porén, a partir de 1918 produciuse unha decadencia paulatina, con achegas residuais nos anos sesenta e extinción definitiva nos primeiros oitenta.

Lenda

Cóntase que un mozo rico e crápula, fillo dun conde, quería acceder, valéndose de enganos, aos favores dunha fermosa e prudente doncela. E como as falsas promesas de matrimonio resultaron inútiles, non se lle ocorreu mellor cousa

que raptala para consumir o abuso. Unha tarde de esplendoroso sol agardou, agochado nun cavorco, a que a moza volveuse do monte coas ovelas. A piques de consumir o atropelo, a Virxe escureceu o ceo en noite pecha e unha furiosa treboada de raios e tronos abateuse sobre o lugar. Un lóstrego certo matou a

cabalgadura e deu por terra co perverso, quen, presa do pánico, correu a refuxiarse no mosteiro.

O aviso divino non admitía dúbidas nin segundas oportunidades. Así o entendeu o malandro que, arrepentido, prometeu votos, mudou de conduta e converteuse nun pia-doso monxe.



Ilustración de Gosia Trebacz | CEDIDA